

CERTIFICACIÓN

José Rogelio Pardo Martínez, secretario accidental do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de febreiro de 2025, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

PUNTO QUINTO. DECLARACIÓN DE DESERTO DO III PREMIO INNOVAMES EMPRESAS INNOVADORAS 2025, DO CONCELLO DE AMES. EXPEDIENTE GD 1328/2025

A Xunta de Goberno Local do 06.02.2025, aprobou as bases e a convocatoria do III Premio Innovames Empresas Innovadoras 2025 do Concello de Ames.

Dita convocatoria coas bases de participación no concurso foi publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 29, do 12.02.2025, sendo o prazo de presentación de candidaturas dende o día seguinte a publicación do extracto das bases no Boletín oficial da provincia da Coruña ata o 20.02.2025, ambos inclusive.

Mediante decreto da Alcaldía 494/2025 do 20.02.2025, foi nomeado o xurado segundo o punto sexto das Bases da convocatoria para a valoración das distintas candidaturas presentadas.

Unha vez transcorrido o prazo de inscrición e recibidas todas as solicitudes procédese a comprobar si se dan as condicións de participación segundo o punto catro das Bases que rexen o concurso do **III PREMIO INNOVAMES EMPRESAS INNOVADORAS 2025**.

Segundo o punto **8.-Procedemento de Concesión dos Premios** “o órgano competente para a instrución do procedemento será o servizo de Promoción económica”.

O departamento de Promoción económica confirma que soamente se recibiu unha solicitude con RE núm. 4170/2025 do 20.02.2025 presentada pola empresa Serea Producións.S.L.

Segundo o parágrafo 4 do punto **4- Condicións de participación** das bases di que:

Para que se poida levar a cabo o concurso de cada categoría, deberán recibirse como mínimo tres propostas. Non caso de que non se alcancen o mínimo de tres participantes nalguna das categorías, declarárase deserto o concurso para dita categoría.

Figura no expediente, informe proposta de declaración de deserto asinado conxuntamente pola concelleira de promoción económica é a técnica do departamento [\[CSV:15220IDOC246EE25BCC2F3CC4280\]](https://sede.concellodeames.gal/CSV:15220IDOC246EE25BCC2F3CC4280)

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, previa delegación da Alcaldía (decreto de delegación 1983/2023, BOP 120 do 26.06.2023), por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Declarar deserto o concurso III Premio Innovames Empresas Innovadoras 2025, ao non concorrer ao mesmo o mínimo de 3 participantes tal como indica o punto 4 das bases.

Segundo. Anular a fase contable de autorización do gasto

Terceiro. Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Cuarto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do alcalde, en Ames, a 28.02.2025, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

O alcalde

José Blas García Piñeiro

O secretario accidental

José Rogelio Pardo Martínez

C.I.F.: P - 1500200 - I

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
28/02/2025 5F7367E3E1A5792D3CE5CF85E18BD81333F0F4D2
28/02/2025 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO:
Secretario accidental
Alcalde

NOME:
PARDO MARTINEZ, ROGELIO
GARCIA PIÑERO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC289E97CF54DC02640AE